









EEI VILALAURA

BOLETÍN
NÚMERO 8

DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

ABRIL
2011

HÁBITOS DE AUTONOMÍA EN NENOS E NENAS DE 3 ANOS

<p>COMIDA</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Come só/soa con algún que outro accidente. • Colle o babeiro e pono cando chega a hora de comer. • Cando remata, déixao no caixón. • Colabora cando ve que se comeza a poñer a mesa.
<p>BAÑO E ASEO</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Os pais báñano/a e deben sacalo/a da auga. Non quere saír, pero non monta unha rabecha. Se se acostuma, quita o tapón. • L mita os pais lavando os dentes co cepillo. • Non se peitea só/soa, déixase peitear. Ás veces, elixe a forma ou un coleteiro.
<p>VESTIDO</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Desvístese só/soa, agás a camiseta e os calcetíns. • Colabora dun xeito activo á hora de se vestir. • Sabe colocar o abrigo invertido no chan, meter as mans polas mangas e poñelo facéndoo voar por riba da cabeza. • Colga o abrigo dunha percha á súa altura cando chega do cole, aínda que llo haxa que recordar. • Colle só/soa a súa mochila e lévaa posta ata o colexio.
<p>ESFÍNTERES</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra control diúrno. Se se lle escapa algunha vez, axúdasele a cambiarse sen prestarlle a máis mínima atención. • Pola noite pode ter aínda dificultades.
<p>DURMIR</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Se non se consente, vai durmir sen protestar despois dun ritual de despedida (ir ao baño, un conto...). • Despois de estar enfermo/a e durmir coa nai ou co pai, quere seguir durmindo, pero logo de tres días de firmeza volve aos seus antigos costumes. • Pode durmir a escuras, en ocasións precisa dunha pequena luz de referencia.
<p>AUTONOMÍA EMOCIONAL</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Prefire xogar con alguén antes de estar só ou soa. • Xoga só/soa no seu cuarto polo menos 15 minutos, aínda que de cando en vez acudamos a interesarnos polo seu xogo. • Queda tranquilo con xente coñecida, pero necesita saber canto tempo van estar fóra os pais. Cando os pais non están, pregunta por eles de cando en vez. • Cando papá ou mamá chegan de traballar, necesita que lle dediquen media hora en exclusiva, logo acepta de bo grao que eles fagan as súas cousas. • Hai moito que deixou o chupete, pero se ten irmáns pequenos goza se lle permitimos que xogue a ser bebé un pouco.
<p>RESPONSABILIDADES</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Colabora con mamá e papá nas cousas da casa. • Axuda a recoller os seus xoguetes se se lle ensina. • Saca a compra da bolsa e axuda a gardala con gozo. • Ás veces, distribúe os cubertos nos compartimentos. • No supermercado mete no carro as cousas que se lle indican. • Leva o cueiro ao caldeiro do lixo, se se lle di. • Aínda que lle gusta, de momento non se lle permite contestar ao teléfono. • Debe saber que non pode abrir a porta da rúa se non hai un adulto ao lado. • Entende cando pode cruzar a rúa mirando o semáforo. Gústalle avisar a mamá ou papá de que está en verde.